

DOMINGO 28 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA 2 Re 5, 14-17

**Volvéndose Naaman cara o home de Deus proclamou a súa fe no Señor**

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA  
NO LIBRO SEGUNDO DOS REIS**

Baixou el Naaman o Sirio ao Xordán e mergullouse na súa auga sete veces, segundo lle mandara Eliseo o home de Deus. A súa carne tornouse entón coma a dun neno pequeno, e quedou limpo da súa lepra.

Volveu Naamán con toda a súa compañía onda o home de Deus e presentóuselle, dicindo:

- "Agora recoñezo que non hai deus en toda a terra, fóra do Deus de Israel. Acepta, pois, un regalo do teu servo".

Respondeulle Eliseo:

- "Polo Señor vivo a quen sirvo, que non aceptarei cousa ningunha". E por moito que lle insistiu para que aceptase, el negouse.

Naamán dixo entón:

- "Pois logo, permite que o teu servo leve unha carga desta terra, a que poidan cargar dúas mulas, pois o teu servo non ofrecerá holocaustos nin sacrificios a deus ningún, senón só ao Señor.

SALMO RESPONSORIAL Sal 97, 1. 2-3ab. 3cd-4

**R/ (cf 2b): O Señor revela a súa xustiza ante os pobos.**

Cantádelle ao Señor un cántico novo,  
pois fixo marabillas,  
a súa dereita e o seu brazo  
déronlle a vitoria.

O Señor dá a coñecer a súa salvación,  
revela a súa xustiza ante os pobos.  
Lembra o seu amor e a súa fidelidade  
coa casa de Israel.

Os pobos todos verán  
a salvación do noso Deus.  
Aclama ao Señor, terra enteira,  
rompede a cantar e a tocar.

SEGUNDA 2 Tim 2, 8-13

**Se nos mantemos firmes, reinaremos con Cristo**

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA  
NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO A TIMOTEO**

Benquerido irmáns:

Lémbrate de Xesús Cristo, resucitado dos mortos, da semente de David. Este é o meu Evanxeo, polo que padezo ata estar preso coma un vulgar criminal. Pero a palabra de Deus non está encadeada. Por iso soporto todas as cousas por mor dos escolleitos, para que tamén a eles lles toque en sorte a salvación que vén de Cristo Xesús, coa gloria eterna. Esta é unha gran verdade:

Se morremos con el, tamén viviremos con el.

Se padecemos con el, tamén reinaremos con el.

Se renegamos del, tamén el renegará de nós.

Pero se fallamos na fe, el permanece fiel, porque non pode renegar de si mesmo.

ALELUIA 1 Tes 5, 18:

Dade grazas por todo: tal é a vontade de Deus en Cristo Xesús para con vós

**DOMINGO 28 ORDINARIO CICLO C**

EVANXEO Lc 17, 11-19

**Non houbo quen volvera dar gloria a Deus senón este xentil**

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS**

Daquela, indo Xesús camiño de Xerusalén, mentres pasaba entre Samaría e Galilea, ao entrar nunha aldea, saíronlle ao paso dez gafos. Pararon ao lonxe, e dando voces suplicáronlle:

- Xesús, Mestre, ten dó de nós.

El, ao velos, díxolles:

- Ídevos presentar aos sacerdotes.

E aconteceu que cando ían para alá, quedaron limpos. E un deles, ao se decatar de que estaba curado, volveu louvando a Deus con grandes voces. E prostrándose, rostro en terra, aos pés de Xesús, deulle as grazas. Era un samaritano. Xesús dixo:

- Non foron dez os que quedaron limpos? Onde están os outros nove? Ninguén, fóra dun estranxeiro, volveu para lle dar gloria a Deus?

E engadiu:

- Érguete e vaite: salvoute a túa fe.